INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

SEGREDO ESTATÍSTICO

Enquisa sobre ciberseguridade nas empresas

1. Identificación da empresa

Nome da empresa
Enderezo
Código postal-Concello
NIF:
Teléfono:
Fax:
Correo electrónico:

Para consultas ou aclaracións contactar con:

Instituto Galego de Estatística
Correo electrónico: ige.empresas@xunta.gal
Teléfono gratuíto: 900 102 104
Fax gratuíto: 900 812 899

Modificacións na identificación da empresa

Razón social _____ NIF _____

Dirección (TIPO da vía\ NOME da vía, NÚMERO e PISO) _____

Código Postal _____ Concello _____ Provincia _____

Teléfono _____ Fax _____

Páxina WEB _____ Correo electrónico _____

Persoa de contacto a quen dirixirse para consultas ou aclaracións sobre este cuestionario

Nome _____

Cargo na empresa _____

Teléfono _____ Fax _____ Correo electrónico _____

A información recollida neste cuestionario, segundo a Lei 6/2024 de 27 de decembro de ESTATÍSTICA DE GALICIA:

-Está amparada polo SEGREDO ESTATÍSTICO (Arts. 24-28): 'Serán obxecto de protección e quedarán amparados polo segredo estatístico tanto os datos relativos ás persoas físicas coma ás persoas xurídicas' (Art. 24.1). 'Os datos individuais facilitados por razóns estatísticas non se poderán usar en ningún caso para finalidades fiscais ou policiais, nin para calquera outra distinta daquela para a que foron solicitados' (Art. 24.3). 'Todas as persoas, organismos e institucións que interveñan nas operacións reguladas pola presente Lei terán a obriga de manter o segredo estatístico respecto dos datos comunicados. Esta obriga conservarana as persoas aínda despois de concluír as súas actividades profesionais e a súa vinculación cos servizos estatísticos. En virtude da devandita obriga, os datos individuais comunicados non se poderán facer públicos nin se lle comunicarán a ningunha persoa ou entidade (Art. 26).

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

-Responsable: Instituto Galego de Estatística.

-Finalidade: Realización dunha Enquisa recollida no Plan Estatístico de Galicia.

-Lexitimación: Segundo a Lei 6/2024, de 27 de decembro, de Estatística de Galicia, esta operación ten carácter obrigatorio (art. 18) e está suxeita á potestade sancionadora (Capítulo IV do título I).

-Destinatarios: Non se ceden datos a terceiros, salvo o previsto na lexislación estatística.

-Dereitos: De acordo cos artigos 89.2 do Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, e 25.3 da Ley Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Personales y Garantía de Derechos Digitales, non se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e limitación do tratamento.

-Información adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na páxina web do IGE:

https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s6/lexislacion/informacionpdDEmpresas.pdf

2. Actividade da empresa

Actividade principal
(Aquela que xera maior valor engadido ou maior cifra de negocios)

_____

_____

Actividades secundarias

_____

_____

3. Como cualificaría o nivel de preparación da súa empresa fronte a posibles ataques ou incidentes de ciberseguridade?

Seleccionar unha das opcións

- ○ **Alto** (as medidas, equipos e coñecementos sobre ciberseguridade son robustas e efectivas para protexer á empresa)
- ○ **Adecuado** (as medidas, equipos e coñecementos sobre ciberseguridade están razoablemente preparados ante un incidente)
- ○ **Baixo** (as medidas, equipos e coñecementos sobre ciberseguridade son insuficientes)
- ○ **Nulo**

4. Actualmente que medidas de seguridade TIC (Tecnoloxías da Información e Comunicación) aplica a súa empresa?

Seleccione tantas opcións como apliquen

- ☐ **Autenticación mediante contrasinal seguro**
- ☐ **Autenticación mediante métodos biométricos**
- ☐ **Autenticación baseada en combinación de polo menos dous mecanismos de autenticación** (dobre ou múltiple factor de autenticación)
- ☐ **Encriptado de datos**
- ☐ **Copia de seguridade**
- ☐ **Control de acceso á rede**
- ☐ **VPN** (rede privada virtual que crea unha conexión de rede privada entre dispositivos a través de Internet. As VPN utilízanse para transmitir datos de forma segura e anónima a través de redes públicas)
- ☐ **Sistema de monitoria de seguridade TIC**
- ☐ **Manter arquivos de rexistro**
- ☐ **Avaliación de riscos das TIC**
- ☐ **Probas de seguridade TIC**
- ☐ **Non se aplican medidas de seguridade TIC**

5. No último ano, sufriu a súa empresa algún dos seguintes incidentes de seguridade TIC?

Seleccione tantas opcións como apliquen

- ☐ **Accesos non autorizados** (intrusión en sistemas para obter información sen permiso)
- ☐ **Instalación de malware** (software malicioso que se infiltra para danar sistemas ou datos)
- ☐ **Instalación de Ransomware** (secuestro de datos mediante cifrado)
- ☐ **Ataques de phishing** (intentos de obter información confidencial suplantando a identidade dun terceiro)
- ☐ **Ataque de denegación de servizo** (sobrecarga de sistemas para interromper o servizo ou facelo inaccesible)
- ☐ **Suplantación de identidade** (facerse pasar por un empregado para enganar e obteren acceso a información confidencial)
- ☐ **Perda ou roubo de dispositivos** (dispositivos corporativos extraviados ou roubados)
- ☐ **Infiltración en redes internas** (acceso ilegal á rede interna da empresa para espionaxe ou sabotaxe)
- ☐ **Uso indebido de credenciais** (emprego non autorizado de contas corporativas por persoas alleas)
- ☐ **Infección por virus informático** (introdución de virus que alteran ou destrúen datos e sistemas)
- ☐ **Explotación de vulnerabilidades en IoT** (ataques a dispositivos conectados a internet para comprometer a súa funcionalidade)
- ☐ **Enxeñaría social** (manipulación psicolóxica de empregados para obter información ou acceso)
- ☐ **Fraude interno** (actividades fraudulentas relacionadas coa seguridade TIC cometidas por empregados dentro da organización)
- ☐ **Outra** (especificar):

- ☐ **Non sufriu incidente de ciberseguridade**

5.1. Cal foi a consecuencia de sufrir algún dos incidentes descritos anteriormente?

Seleccione tantas opcións como apliquen

- ☐ **Falta de dispoñibilidade dos servizos TIC** (os sistemas ou servizos estiveron inactivos ou con rendemento reducido)
- ☐ **Destrución ou corrupción de datos** (perda de información relevante para a actividade da empresa)
- ☐ **Divulgación de datos confidenciais** (roubo e/ou exposición de información sensible sobre empregados, clientes, produtos ou propiedade intelectual da empresa)
- ☐ **Dano reputacional** (a imaxe e confianza dos clientes na empresa víronse afectadas)
- ☐ **Sancións reguladoras ou demandas** (a empresa enfrontou accións legais)
- ☐ **Gastos económicos adicionais** (desembolso económico sobrevido a causa directa do incidente)
- ☐ **Perda de produtividade** (os empregados non puideron traballar eficientemente debido ó incidente)
- ☐ **Outra** (especificar):

- ☐ **Non se sufriu ningunha consecuencia a causa do/dos incidente/s**

5.2. Tras sufrir o/os incidente/s, de cal das seguintes fontes recibiuse asistencia externa?

Seleccione tantas opcións como apliquen

- ☐ **Empresa de seguridade TIC**
- ☐ **Corpos de seguridade**
- ☐ **INCIBE**
- ☐ **Organismo autonómico**
- ☐ **Outro**
- ☐ **Non se recibiu asistencia externa**

6. Nos próximos 12 meses, prevé levar a cabo algunha das seguintes accións para mellorar a ciberseguridade da súa entidade?

Seleccione tantas opcións como apliquen

- ☐ **Implementación de novas medidas de ciberseguridade** (actualización de software, migración a redes seguras, autenticación multifactor, encriptación de datos, etc.)
- ☐ **Adecuación e actualización de ferramentas de ciberseguridade** (antivirus, antimalware, solucións de seguridade na nube)
- ☐ **Capacitación e concienciación do persoal empregado** (simulación de phishing, cursos de sensibilización ou especialización, campañas de concienciación, etc.)
- ☐ **Avaliación e xestión de riscos** (auditorías de seguridade, avaliación de vulnerabilidades, etc.)
- ☐ **Actualización de políticas ou plans de ciberseguridade ou resposta a incidentes** (elaboración de novos plans, procesos ou políticas)
- ☐ **Contratación de servizos externos de asistencia en ciberseguridade** (consultoría de ciberseguridade, servizos de seguridade xestionados por terceiros, etc.)
- ☐ **Outra** (especificar):

- ☐ **Non se prevé levar a cabo accións para mellorar a ciberseguridade**

7. No último ano, que tipo de actividades formativas en ciberseguridade ofreceu a súa empresa aos seus empregados para aumentar as súas capacidades e coñecementos?

Seleccione tantas opcións como apliquen

- ☐ **Capacitación mediante cursos formativos e certificacións**
- ☐ **Sesións informativas e concienciación**
- ☐ **Disposición de documentación relacionada con medidas, prácticas ou procedementos de seguridade TIC**
- ☐ **Adestramentos prácticos en ferramentas ou simulacións**
- ☐ **Non se ofreceron actividades formativas en ciberseguridade**

8. No último ano, cantas persoas encargadas/especialistas desempeñaban directamente funcións relativas á ciberseguridade (protección de infraestrutura e rede, concienciación e formación, auditorías de privacidade, xestión de riscos cibernéticos, probas de penetración, arquitectura de seguridade)?

Mínima resposta: 0 (cero) persoas

Cantidade: _____

9. A que información e/ou recursos recorre para facer fronte ás ameazas de ciberseguridade que poida sufrir a súa empresa?

Seleccione tantas opcións como apliquen

- ☐ **Recursos informativos** (guías, manuais, exemplos prácticos, eventos)
- ☐ **Recursos formativos** (cursos de sensibilización, cursos de especialización, seminarios, certificacións)
- ☐ **Ferramentas de seguridade** (compra de produtos e/ou servizos de seguridade)
- ☐ **Asesoramento experto** (servizos de consultaría, auditoría ou asistencia especializada)
- ☐ **Financiación** (axudas, préstamos ou incentivos para a adopción de medidas de seguridade)
- ☐ **Colaboración** (comunicación e intercambio de información entre empresas e entidades sobre ciberseguridade)
- ☐ **Outro** (especificar):

- ☐ **Non recorre a ningún tipo de información e/ou recursos**

10. No último ano, cal foi o gasto/investimento anual da súa empresa en ciberseguridade? (formación do persoal, adquisición de hardware/software, contratación de persoal especializado, obtención de certificacións, etc.) en euros.

Mínima resposta: 0 (cero) euros

Cantidade: _____

10.1. Cal é a razón principal pola que gasta/inviste en ciberseguridade?

Seleccionar unha das opcións

- ◯ **Cumprimento da normativa**
- ◯ **Redución de riscos cibernéticos**
- ◯ **Salvagardar a información da empresa**
- ◯ **Responsabilidade social corporativa**
- ◯ **Outra** (especificar):

11. Realízanse na súa empresa revisións periódicas sobre a regulación e normativa en materia de ciberseguridade que lle afecta?

Seleccionar unha das opcións

- ◯ **Sí**
- ◯ **Non**

Observacións

O Instituto Galego de Estatística (IGE) agradécelle a información subministrada neste cuestionario